

20 | MEMORIA 19 | ANUAL

camaraminera.org



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

EDITA:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)
Co apoio da Dirección Xeral de Enerxía
e Minas da Consellería de Economía,
Emprego e Industria.
Xunta de Galicia.

FOTOGRAFÍAS:

Cámara Oficial Mineira de Galicia.
Empresas membro da COMG. (David Fernández
Grande SL, Irosa, Pasek Minerales, Europizarras,
Magnetitas de Rubián, Prebetong Áridos, Cerá-
mica Vereá, Balneario de Lugo, Termas Roma-
nas, Lobios Caldaria Hotel Balneario, Áridos do
Mendo, Lista Granit, Lignitos de Meirama SA.,
Grupo Myhnor, Erimsa, Fontecelta, Excansa y
Pizarras Los Tres Cuñados)
Imaxes seleccionadas do concurso de fotografía
Enfoca.RME 2019, da Escola de Enxeñaría de
Minas e Enerxía da Universidade de Vigo

FONTES:

- Estatística Mineira de España (2016) elaborada pola Secretaría de Estado de Enerxía (Ministerio para a Transición Ecolóxica).
- Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.
- Catastro Mineiro de Galicia.
- Instituto Galego de Estatística.

DESEÑO E COORDINACIÓN: Bannister Global
DEP. LEGAL: C 502-2019

DATOS DE CONTACTO:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)
Juan Flórez 33-35, entreplanta esquerda
15004 A Coruña
Teléfono: 981 139 663
cmg@camaraminera.org
www.camaraminera.org

2019 | MEMORIA ANUAL


camaraminera.org



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

ÍNDICE

1. CARTA DO PRESIDENTE	6
2. UN SECTOR CLAVE	10
a. O corazón da industria	12
b. As cifras da minaría en Galicia	13
c. A minaría, comprometida con Galicia	13
d. Datos de produción	14
3. A CÁMARA	16
a. Quen somos?	18
b. Funcións	19
c. Órganos de goberno	20
4. MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA	22
5. O EXERCICIO DE 2019	30
a. Representación do sector	32
b. Defensa do sector	38
c. Asistencia técnica	42
Medio Ambiente	45
Patrimonio	48
Seguridade e Saúde	52
d. Formación	54
e. Comunicación	58





Carta do 1 PRESIDENTE

PLANTA DE ENVASADO DE AUGA MINERAL
EN SARRIA (LUGO)





Carta do PRESIDENTE

UNHA
CÁMARA
FORTE,
un
sector
heroico

A minaría de Galicia é, ao comezo de 2020, un sector económico debilitado, descoñecido pola sociedade e utilizado como arma electoral por algunhas correntes políticas. Desde o inicio da miña presidencia en 2013 o número de explotacións activas baixou ano a ano. Só un apuntamento estatístico, en 2007 había 430 explotacións operativas en Galicia, hoxe non chegan a 300. As últimas cifras que manexamos falan dun descenso do 40 % do valor da produción total do sector desde entón. Non son poucas as causas.

En primeiro lugar, os empresarios e investidores enfróntanse cada día a unha dilatada e complexa tramitación dos proxectos mineiros. O descoñecemento das técnicas mineiras e a desconfianza que mostran algunhas administracións, con incesantes e innecesarios requirimentos e prazos que se dilatan sen motivo impídnos facer o que desexamos: crear emprego, crear riqueza e facer minaría. Como todos sabemos, o desenvolvemento dos proxectos require investimentos e, desgraciadamente, o diñeiro é covarde.

Nos últimos anos víronse frustrados ou retrasados ata o extremo proxectos mineiros de enorme valor, con grandes investimentos. Pero tamén as pemes e empresas familiares atópanse problemas no día a día das tramitacións dos seus expedientes. A minaría en España é un sector moi regulado, con gran densidade de normativas que afectan á actividade extractiva. Esta maraña lexislativa impide operar minas e canteiras con axilidade, sementando de desconfianza a nosa actividade.



Un dos sectores importantes da minaría galega é o dos áridos, moi dependente da construción e a obra pública. Cuns orzamentos xerais do Estado prorrogados, só a actividade da Xunta de Galicia neste plano permítenos saír adiante. Por iso, a 2020 pedímoslle unha reactivación da obra pública a nivel nacional.

A inseguridade xurídica derivada das dificultades para obter as autorizacións e licenzas está a levar a moitas industrias galegas a implantarse en Portugal, con maiores facilidades para dispoñer de chan e para a explotación dos seus recursos minerais. De seguir con esta tendencia, o país veciño vainos superar. O potente sector de rochas ornamentais, coa súa vocación exportadora, está a sufrir coa crise da construción, as guerras comerciais e o Brexit.

Nestes últimos anos a xunta directiva da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) esforzouse en despexar dúbidas sobre os beneficios que achegamos á sociedade, en defender a un sector de heroes, de empresarios decididos, de traballadores comprometidos, con respaldo científico e, a pesar diso, acosado. Nese empeño conseguimos facer unha Cámara forte, con iniciativas técnicas que son exemplos en España e Europa. Sirvan de exemplo o Catastro Mineiro, referencia a nivel nacional; e a

iniciativa Minaría Sostible de Galicia, destacada en foros internacionais.

Por iso, non quero terminar o meu mandato con desesperanza. En 2020 a COMG elixe unha nova xunta directiva que terá que facer fronte a estes retos despois de que a nosa estea a piques de terminar o seu mandato. A eles deséxolles moita sorte e que cheguen máis lonxe que nós, porque a minaría de Galicia merece o mellor.

En Galicia desenvólvese unha minaría sostible, que fai un aproveitamento racional, ordenado e eficiente dos recursos do subsolo, constituíndo unha actividade integrada na economía circular e que fixa poboación no rural. Tanto durante a explotación do recurso como na restauración posterior, a minaría de Galicia respecta o medioambiente e intégrase no territorio operando coas mellores e máis modernas prácticas para un aproveitamento racional e eficiente de bens de dominio público. Unha minaría que sempre será apoiada pola COMG.



Un sector 2|CLAVE

PLANTA DE ELABORACIÓN E SELECCIÓN DE LOUSA.





o corazón DA INDUSTRIA

A industria galega precisa os recursos que só a actividade mineira é capaz de proporcionar. Galicia atópase situada nun lugar privilexiado dende o punto de vista xeolóxico, por iso a minaría asentou as bases da nosa civilización, marcou a nosa arquitectura, a nosa sociedade e incluso a arte.

Nun momento no que a industria se atopa nunha encrucillada marcada pola internacionalización, a dixitalización, a economía circular e un novo paradigma enerxético; o sector extractivo ocupa en Galicia unha posición vertebradora grazas ás súas exportacións, ás técnicas aliñadas coa Industria 4.0 e ás prácticas respectuosas co medio ambiente que xa son referente a nivel mundial. Ademais, a produción mineira é a base dos seguintes sectores:



Explotación de caolín en Vimianzo (A Coruña)



INDUSTRIA

- ▀ CAOLÍNS
- ▀ COLTAN
- ▀ ESTAÑO
- ▀ OURO
- ▀ CUARZO
- ▀ FELDESPATO
- ▀ MICA
- ▀ DUNITA
- ▀ CALCARIA
- ▀ VOLFRAMIO



GANDERÍA

- ▀ MAGNESITA
- ▀ CUARZO



AGRICULTURA

- ▀ TURBA
- ▀ MAGNESITA
- ▀ CALCARIA



CONSTRUCCIÓN

- ▀ ARXILA
- ▀ LOUSA
- ▀ GRANITO
- ▀ ÁRIDOS
- ▀ CALCARIA
- ▀ CUARCITA



SAÚDE

- ▀ AAUGAS MINERAIS
- ▀ CAOLÍN
- ▀ AUGAS TERMAIS



ALIMENTACIÓN

- ▀ AUGA MINERAL
- ▀ CAOLÍN



TURISMO

- ▀ AUGAS MINERAIS
- ▀ AUGAS TERMAIS

AS CIFRAS

da minaría en Galicia

▶ **A MINARÍA
GALEGA É LÍDER
EN ESPAÑA
CON PRODUTOS
VALORADOS
EN MERCADOS
INTERNACIONAIS**

COPA O **8% DA PRODUCCIÓN
MINEIRA DE ESPAÑA,**
SENDO A 4ª COMUNIDADE
EN VALOR DE PRODUCCIÓN.

LÍDER EN PRODUCCIÓN DE
ROCHAS ORNAMENTAIS
CUN **37%**

REPRESENTA O
12% DO EMPREGO
DO SECTOR MINEIRO
EN ESPAÑA.

EXPLOTACIÓNS: **261**
MINERAIS INDUSTRIAIS: **15**
ROCHAS ORNAMENTAIS: **104**
PRODUTOS DE CANTEIRA: **109**
AUGAS MINERAIS E TERMAIS: **32**

A MINARÍA, comprometida con Galicia

▶ **ANTÍDOTO CONTRA O DESPOBOAMENTO DO RURAL**

As empresas mineiras teñen unha ligazón moi forte cos territorios nos que se asentan, favorecen o seu desenvolvemento demográfico e crean unha cadea de valor que vai máis aló da etapa de explotación.

▶ **SATISFACENDO A DEMANDA SOCIAL**

Abastecendo con **10,5 millóns de toneladas** de materiais de construción.

▶ **UNHA INDUSTRIA DE PEMES**

O **97%** dos titulares de dereitos mineiros son pequenas ou medianas empresas.

▶ **A MINARÍA É PROSPERIDADE**

0,7% do PIB galego.

11.200 postos de traballo

422 millóns de euros en exportacións

Explotacións activas: **261**

 **Áridos: 92**

 **Cerámica: 16**

 **Granito: 47**

 **Lousa: 43**

 **Rochas industriais: 15**


 **Augas minerais: 12**

 **Balnearios: 20**

 **Outros: 16**

DATOS de producción

en toneladas



ÁRIDOS



2012	2013	2014	2015	2016	2017
11.046.572	8.053.360	8.462.711	9.599.953	8.721.319	8.998.546


OS ÁRIDOS SON A BASE DE CALQUERA CONSTRUCCIÓN, o segundo recurso máis demandado do mundo despois da auga.

CERÁMICA



2012	2013	2014	2015	2016	2017
418.641	306.149	309.238	406.072	388.756	334.785


GRANITO



2012	2013	2014	2015	2016	2017
634.215	608.804	560.917	562.495	545.161	705.305

Galicia é unha potencia mundial en materia de granito e a segunda de Europa despois de Italia, **59% DA PRODUCCIÓN ESPAÑOLA E O 75% DAS EXPORTACIÓNS**.


LOUSA



2012	2013	2014	2015	2016	2017
368.828	354.677	393.500	463.154	530.684	463.779

43% da produción española e o 73% das exportacións
Máis do **30% DA LOUSA MUNDIAL PARA CUBERTAS**
PRODÚCESE EN GALICIA.


BALNEARIOS (usuarios)



2012	2013	2014	2015	2016	2017
233.714	305.485	243.509	251.136	258.433	238.949

LÍDER EN TURISMO TERMAL,
co 19% da oferta nacional.

ROCHAS INDUSTRIAIS



2012	2013	2014	2015	2016	2017
1.493.442	2.213.763	2.096.157	1.945.075	2.007.757	2.064.161

MATERIAIS ESTRATÉXICOS como caolín, magnesita,
feldespato, mica, dunita, caliza, turba ou cuarzo.

AUGAS MINERAIS (litros)



2012	2013	2014	2015	2016	2017
343.309.053	306.798.038	363.371.086	336.770.008	356.634.019	364.351.222

12 PLANTAS DE ENVASADO.



Balneario de Mondariz.

A 3 CÁMARA

CANTEIRA DE GRANITO.
O PORRIÑO (PONTEVEDRA)





Quen SOMOS?

A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) É UNHA CORPORACIÓN DE DEREITO PÚBLICO E UN ÓRGANO CONSULTIVO DA ADMINISTRACIÓN, TUTELADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, QUE DESENVOLVE AS SÚAS ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES, COLEXIOS PROFESIONAIS, ASOCIACIÓNS SECTORIAIS E EMPRESAS DA COMUNIDADE MINEIRA.



A COMG está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e o aproveitamento dos recursos xeolóxicos, desde o seu coñecemento ata a súa posta en valor.

Os recursos xeolóxicos son bens de dominio público e a minaría, como conxunto de actividades destinadas á súa investigación e aproveitamento, está declarada de interese ou utilidade pública na maioría dos casos.

Esta entidade representa ao sector industrial dos recursos minerais en Galicia no que se inclúen todos os subsectores:

- ▀ AUGAS MINERAIS ENVASADAS
- ▀ ÁRIDOS
- ▀ BALNEARIOS
- ▀ CERÁMICA
- ▀ MINARÍA ENERXÉTICA
- ▀ GRANITO
- ▀ LOUSA
- ▀ MINARÍA METÁLICA
- ▀ ROCHAS INDUSTRIAIS

A COMG reúne nunha mesma entidade os intereses públicos e privados para conseguir o mellor aproveitamento dos recursos xeolóxicos co obxectivo de maximizar o seu beneficio para o conxunto da sociedade.



FUNCIONES

Recollidas no Real Decreto de 23/09/1921 e no artigo 6 do Regulamento de Réxime Interior.

A Cámara é a representante formal e portavoz do sector mineiro galego. Entre as súas actividades máis destacadas atópanse:

■ **FOMENTAR O DESENVOLVEMENTO DA INDUSTRIA MINEIRA** e o aproveitamento racional e eficiente dos recursos xeolóxicos.

■ **REPRESENTAR, DEFENDER E PROMOVER** os intereses da minaría galega.

■ **FOMENTAR A ENSINANZA** da minaría.

■ **EXPEDIR CERTIFICACIÓNS** e designar peritos, resolver conflitos e promover acordos ante problemas relacionados coa minaría.

■ **EMITIR INFORMES** ás autoridades e particulares que o soliciten e propoñer reformas para o desenvolvemento, mellora e fomento da actividade mineira.

■ **XESTIONAR O CATASTRO** Mineiro.

■ **PROMOVER A SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL**, a compatibilidade ambiental e a integración territorial e paisaxística das actividades mineiras.

Ademais de exercer os seguintes labores:

■ **INFORMATIVO:** elaboración e difusión de datos estatísticos, memorias e publicacións divulgativas sobre a minaría.

■ **FORMATIVO:** organizando cursos, seminarios e xornadas sobre temas de actualidade e de interese para o sector.

■ **ASESORAMENTO:** tanto a poderes públicos como a socios ou particulares, sobre os aspectos legais, administrativos e técnicos que afectan ao sector.

O desenvolvemento destas actividades por parte da COMG realízase en colaboración con diversos axentes: universidades, colexios profesionais, asociacións sectoriais, empresas, entidades e Administracións, especialmente coa Administración mineira de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Órganos de GOBERNO

A ORGANIZACIÓN DA CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) ESTÁ RECOLLIDA NO CAPÍTULO II DO SEU REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR. OS ÓRGANOS DE GOBERNO DA CÁMARA SON A ASEMBLEA, A XUNTA DIRECTIVA E O PRESIDENTE.

ASEMBLEA

A asemblea é o órgano supremo de goberno e representación da COMG. Forman parte dela as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do ámbito territorial de Galicia.

XUNTA DIRECTIVA

A xunta directiva é o órgano permanente de xestión, administración e proposta da COMG. Os seus membros (non menos de 10 e non máis de 40) son elixidos entre todo o electorado da COMG, clasificado en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros. Os cargos de presidente, vicepresidente 1º, vicepresidente 2º, tesoureiro e contador son elixidos polos membros da xunta directiva.

A xunta directiva elixiu o 30 de outubro de 2013 os seguintes cargos:

■ PRESIDENTE

D. JUAN DE DIOS
MARTÍN APARICIO
General de Hormigones S.A.,
Áridos

■ VICEPRESIDENTE 2º

D. SATURNINO
ARIAS FRAGA
Grupo MYNHOR, Áridos

■ SECRETARIO-DIRECTOR

D. DIEGO
LÓPEZ GONZÁLEZ

■ VICEPRESIDENTE 1º

D. DAVID
FERNÁNDEZ SANROMÁN
David Fernández Grande
S.L., Granito

■ TESOUREIRO-CONTADOR

D. BENIGNO
AMOR BARREIRO
Asociación Gallega de la
Propiedad Balnearia, Augas
de balnearios

■ EQUIPO TÉCNICO

D.ª Atocha Ramos Martínez
D.ª María Vázquez Armesto
D.ª Eva Barrientos Murias



Comités da COMG

A COMG conta con grupos de traballo que se encargan de cuestións específicas.

COMITÉ NORMATIVO

Ten a encomenda de realizar un seguimento do proceso de tramitación de novas normas e do proceso de implantación daquelas recentemente aprobadas que poidan ter incidencia no sector mineiro galego.

COMITÉ INFORMATIVO

Ten a función de mellorar o coñecemento e a imaxe social do sector, así como establecer as directrices de comunicación, tanto externa como interna.

COMITÉ DE PATRIMONIO

Ten a función de poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia a través de iniciativas de divulgación e promoción.

REUNIÓN DO ANO

ASEMBLEA DA COMG

A reunión ordinaria anual da Asemblea tivo lugar o 26/03/2019 no hotel Termas de Cuntis, en Cuntis (Pontevedra).

XUNTA DIRECTIVA

Celebradas seis reunións en 2019:

31 de xaneiro
28 de febreiro
23 de maio
4 de xullo
26 de setembro
24 de outubro

COMITÉS

7 de marzo: Comité de Patrimonio.

MINARÍA SOSTIBLE

4 de Galicia



A photograph of a conference event. In the foreground, a white podium with a large, stylized graphic of a house-like shape is visible. The text "Minaría Sostible de Galicia" is printed on the podium. Behind the podium, a person is standing and speaking into a microphone. The background is a large, light-colored wall with a similar stylized graphic and the text "Minaría Sostible de Galicia" projected onto it. The floor is a dark, polished surface.

**Minaría Sostible
de Galicia**

**Minaría Sostible
de Galicia**



A DÍA DE HOXE A MINARÍA EN GALICIA SÓ É VIABLE DE XEITO SOSTIBLE, O FOMENTO DA MINARÍA, CONVÉRTESE NECESARIAMENTE NO FOMENTO DA MINARÍA SOSTIBLE. A UNIÓN DA ADOPCIÓN DE PRÁCTICAS E TÉCNICAS MINEIRAS SOSTIBLES ADOPTADAS POLO SECTOR E A NECESIDADE DE ACHEGALAS Á SOCIEDADE XERAL DEU COMO RESULTADO A CREACIÓN DA PLATAFORMA MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA.

O nacemento desta xorde en resposta á desinformación que se vén desenvolvendo ao redor do sector extractivo nos últimos anos, cubrindo a necesidade de transparentar as prácticas, as aplicacións e os avances do sector na nosa comunidade.

Nesta plataforma, impulsada pola COMG, participan as seguintes entidades:

- ▀ Clúster do Granito
- ▀ Clúster da Pizarra de Galicia
- ▀ Asociación Galega de Áridos (Arigal)
- ▀ Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- ▀ Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural
- ▀ Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense
- ▀ Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo)
- ▀ Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña)
- ▀ Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos (ICOG)
- ▀ Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste
- ▀ Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia



PRESENTACIÓN DE MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA

O 12 de febreiro de 2019 presentouse oficialmente a plataforma Minaría Sostible de Galicia na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela. Unha xornada que contou cun auditorio dun centenar de persoas e co peche do conselleiro de Economía, Emprego e Industria; Francisco Conde.

Durante a xornada participaron o presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Diego López; o delegado en Galicia do Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos, Pablo Núñez; e Natalia Caparrini, da Escola de Enxeñeiros de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo. Os relatores fixeron fincapé na necesidade da minaría en Europa, onde o 70% da súa industria depende das súas materias primas, e nos altos estándares de calidade da minaría levada a cabo en Galicia que van en liña cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible da ONU.

PÁXINA WEB

A principal canle de comunicación de Minaría Sostible de Galicia é a súa web ‘minariasostible.gal’, que transmite á sociedade xeral as principais cifras e compromisos do sector. Durante 2019, no seu blog publicouse unha gran cantidade de información actualizada e de interese xeral sobre o sector, cun total de 54 posts en galego e en castelán.

REDES SOCIAIS

Este ano tamén se puxeron en marcha os perfís de Facebook, LinkedIn e Twitter de Minaría Sostible de Galicia. Espazos de interacción co público onde se comparten tanto contidos propios como noticias de actualidade que poidan resultar de interese xeral sobre o sector.

Haima de MSG no Día da Ciencia na Rúa.



XORNADA DE TURISMO E PATRIMONIO XEOLÓXICO E MINEIRO

Galicia é unha comunidade cunha traxectoria histórica moi importante en relación coa actividade mineira, por iso, Minaría Sostible de Galicia presentou aos concellos galegos unha alternativa turística baseada nas súas instalacións mineiras e características xeolóxicas.

A xornada, que se celebrou na Sede Afundación de Santiago, achegou aos técnicos de turismo, Grupos de Acción Local e Axentes de Desenvolvemento Local de concellos con pasado mineiro de Galicia as enormes posibilidades do turismo industrial e mineiro, demostrando que estes espazos poden seguir tendo un gran valor social e económico unha vez que remata a actividade extractiva.



Xornada de Turismo e patrimonio xeolóxico e mineiro.

PARTICIPACIÓN NO DÍA DA CIENCIA NA RÚA, ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA CASA DAS CIENCIAS DA CORUÑA

Como cada ano, o parque de Santa Margarida da Coruña acolleu o Día da Ciencia na Rúa, no que 1.500 alumnos mostraron coñecementos científicos a decenas de miles de visitantes.

O espazo de Minaría Sostible de Galicia, que participou por segundo ano, mostrou a riqueza dos recursos xeolóxicos da comunidade galega, así como as fases implicadas no seu aproveitamento a través da minaría. O IGME tamén colaborou nesta haima na que o obxectivo foi espertar a paixón pola ciencia nos máis pequenos e amosar a estreita relación que se dá entre o territorio galego, o seu patrimonio e o sector mineiro mediante recursos como quebracabezas, caixóns de area e xoguets para coñecer a maquinaria.

Foto de grupo da xornada ‘A minaría, motor do desenvolvemento social’.



XORNADA ‘A MINARÍA, MOTOR DO DESENVOLVEMENTO SOCIAL’

Enmarcada dentro do Minerals Day, a plataforma Minaría Sostible de Galicia e a Confederación Nacional de Empresarios de la Minería y de la Metalurgia (Confedem) celebraron en Santiago de Compostela a xornada ‘A minaría, motor do desenvolvemento social’.

O obxectivo da xornada foi achegar á sociedade a realidade do sector mineiro e os desafíos para

o futuro, cun encontro que transcorreu en forma de mesas redondas, con voces procedentes de diversos ámbitos (grupos políticos e sindicais, universidades, colexios profesionais e empresas mineiras). Todos eles puxeron sobre a mesa temas estratéxicos relacionados coa necesidade da industria mineira para o abastecemento de materias primas minerais para o noso benestar e desenvolvemento como sociedade.

Minerals Day

Cada dous anos celébrase en toda Europa o Día Europeo dos Minerais, unha iniciativa que concentra un gran número de actividades dirixidas a concienciar sobre o sector mineiro.

Nesta edición, Galicia foi unha das rexións europeas con máis eventos, poñendo en valor o peso desta industria. A Cámara Mineira de Galicia participou e axudou a coordinar os diferentes actos que se levaron a cabo:

Xornada 'A minaría, motor do desenvolvemento social'.



Acto central do Minerals Day en O Porriño.



ACTO CENTRAL EN PORRIÑO CON VISITA A MINERGAL E BLOKDEGAL

A canteira de Blokdegal e Minergal (Museo dos Minerais de Galicia) en Porriño (Pontevedra) acolleron unha xornada na que preto dun centenar de estudantes puido coñecer a realidade do sector do granito, unha industria profundamente ligada a este concello.

No acto tamén participou Lourdes Moure Varela, concelleira do Porriño, que destacou o interese que espertan as canteiras de granito galegas en todo o mundo, un material exportado a destinos como Francia, Túnez, México ou Estados Unidos, entre outros.

Para que os alumnos coñecesén a última fase do proceso mineiro, a xornada terminou na canteira rehabilitada de Ferro.



■ XORNADA DE PORTAS ABERTAS EN VEEA

A fábrica Verea de Lanzá (Mesía) abriu as súas portas a todos os interesados para aprofundar no proceso de fabricación automatizado da tella cerámica, así como nas melloras que a compañía introduciu para aumentar a calidade do produto e reducir as emisións de CO₂.

■ VI XORNADA DE RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL NA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NO SECTOR DOS ÁRIDOS

A VI xornada de RSE organizada por Arigal (Asociación Galega de Áridos) contou coa participación da COMG e xirou ao redor da figura da Dirección Facultativa, de vital importancia para a seguridade laboral do sector extractivo.

■ VISITA ÁS INSTALACIÓNS DE CAOLINES DE VIMIANZO (CAVISA)

CAVISA organizou unha visita ás súas instalacións en Vimianzo (A Coruña) para familiares de empregados e antigos traballadores. A meta foi mostrar á contorna máis próxima da empresa o papel que ocupa na Costa da Morte.


Caolines de Vimianzo durante o Minerals Day.



o exercicio 5|2019

TEXTURAS ROCHOSAS.
Laura Álvarez Nogueira.
1º PREMIO JUNIOR DE ENFORCA.RME 2019





REPRESENTACIÓN DO SECTOR

Fábrica de teja en Lanza (A Coruña).




REUNIÓN MANTIDAS POLA COMG EN 2019

Consellería de
Economía,
Emprego e
Industria: **19**

Outras administracións: **24**

Outras entidades, empresas e
particulares: **181**



PARTICIPACIÓN EN EVENTOS EN 2019

Consellería de
Economía,
Emprego e
Industria: **3**

Outras administracións: **39**

Outras entidades, empresas e
particulares: **11**



Entre as funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) atópase a de representar ao sector empresarial mineiro en Galicia. É a voz de todos os subsectores e membros da comunidade mineira, así como a ponte de unión entre estes, a sociedade e a administración.

O obxectivo é trasladar as necesidades e demandas do sector e darlle a visibilidade que require, así como crear pontes de colaboración interinstitucional para mellorar o desenvolvemento da actividade en beneficio do sector, da súa proxección institucional e da sociedade galega.

MANTENDO UN CONTACTO CONSTANTE coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que como administración mineira é o seu órgano tutelar.

DEFENDENDO E PROMOVEDO OS INTERESES MINEIROS ante os poderes lexislativos correspondentes, reuníndose con xefes institucionais a nivel autónomo e estatal e asistindo a numerosos foros, conferencias e eventos.

ACTUANDO COMO CORPO CONSULTIVO da Administración ante procesos lexislativos que afectan á industria mineira.

FACENDO UN EJERCICIO DE TRANSPARENCIA E DIVULGACIÓN ante a sociedade, promocionando o sector mineiro a través da investigación e a divulgación; a difusión de traballos, estudos e avances realizados en relación ás actividades extractivas.

CREANDO CONTIDOS con información actualizada e de interese para a cidadanía con relación ás actividades mineiras.

PARTICIPACIÓN en eventos



PLANTACIÓN DE ÁRBORES na área recreativa Chan do Millo organizada por ARIGAL

O director da COMG acudiu en representación do sector á reforestación de zonas afectadas por incendios na área de Chan do Millo en Pontearreas (Pontevedra) onde se atopa a canteira de Prebetong Áridos, pertencente a Votorantim Cimentos

A Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) foi a encargada de impulsar o proxecto e de doar 525 árbores á Asociación de Bosques de Galicia (AFG) para reforestar esta área recreativa afectada polos incendios de outubro de 2017 con variedades de carballo, castiñeiro e bidueiro.

PLANTACIÓN DE ÁRBORES na canteira Ferro no Porriño organizada por POCASA

Juan de Dios Martín Aparicio, presidente da COMG, asistiu ao comezo dos labores de reforestación da canteira de Ferro (O Porriño, Pontevedra).

Pocasa, a empresa porriñesa de canteiras, levou a cabo os labores de explotación desta canteira de Rosa Porriño ata o 2010. Tras finalizar a actividade, a empresa puxo en marcha o plan de rehabilitación iniciado en 2012 cos traballos de recheo do oco mineiro coa reciclaxe de materiais procedentes de obras públicas e de fábricas de granito da zona.

O proceso de rehabilitación culminou este ano coa reforestación do espazo, onde colaboraron dúas entidades veciñas: Aceesca e o Centro Juan María. Trátase dunha plantación dun milleiro de piñeiros que poñerá o broche a unha das rehabilitacións mineiras máis importantes de Europa.

MINING AND MINERALS HALL

O director da COMG estivo presente na terceira edición do Mining and Minerals Hall celebrado no Pazo de Congresos e Exposicións de Sevilla; e promovido pola Junta de Andalucía; a Asociación de Empresas Investigadoras, Extractoras, Transformadoras Mineiro-Metalúrxicas, Auxiliares e de Servizos (Aminer) e Fibes.

Este terceiro MMH volveu reunir o sector da minaría a nivel mundial, con máis de 10.000 visitantes e 900 congresistas de 20 nacionalidades, confirmándose como o grande evento desta índole en Europa.

A MINARÍA GALEGA, A GRAN PREMIADA DO EVENTO

Tras tres intensas xornadas, o acto de clausura pechouse cun gran panel sobre o futuro da minaría e a entrega de premios a diversas personalidades do sector en recoñecemento á súa traxectoria profesional.

Alberto Lavandeira, CEO de Atalaya Mining; e Juan José Cerezuela, presidente do Consello Asesor da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas de Madrid, foron dous dos galardoados. Ambos comparten un forte vínculo con Galicia, xa que dirixen e dirixiron proxectos mineiros na comunidade autónoma.

Terceira edición do Mining and Minerals Hall.



Clausura da terceira edición do Mining and Minerals Hall.



TERMALISMO SOSTIBLE

‘Termalismo sostible’ reuniu a profesionais do sector dos balnearios e das augas minerais en Galicia, unha industria que dá emprego a máis de 1.200 persoas en Galicia. O eixe temático foi a protección da riqueza natural asociada aos acuíferos galegos e á súa contorna.

Un encontro que contou coa participación da directora da escola, Elena Alonso; do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde; da presidenta da Asociación de Balnearios de Galicia; e tamén coa COMG co seu presidente como representante.

Francisco Conde, Marisol Espiño e Juan de Dios Martín.



PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO 'Áridos de Galicia'

A Asociación Galega de Áridos (Arigal) presentou este ano o Catálogo de Áridos de Galicia. Este documento que recolle unha clasificación dos áridos de Galicia e información útil para atraer operadores de mercados exteriores foi desenvolvido co apoio da Xunta de Galicia, grazas ao programa do Igape Galicia Exporta Organismos Intermedios.

Representantes da Cámara Mineira de Galicia asistiron á presentación que se levou a cabo na Autoridade Portuaria da Coruña, un dos puntos neurálxicos na exportación destes materiais.

Un catálogo que xa foi presentado en feiras de Reino Unido, Suíza e Portugal e serve para poñer en valor un produto insubstituíble cuxa internacionalización comezou en 2015, un momento en que os áridos só se consumían a nivel local. Pero a alianza cos portos galegos permitiulles ás empresas do sector exportar áridos a países como Bélxica, Holanda, Alemaña, Suíza, Estados Unidos e Francia.



Presentación do catálogo de Arigal.

Acto de presentación do libro
'Para que serve a xeoloxía?'.



PRESENTACIÓN DO LIBRO 'Para que serve a xeoloxía?'

Achegar a importancia da profesión do xeólogo á sociedade é o obxectivo de 'Para que serve a xeoloxía?', unha obra divulgativa que une a visión dos seus autores: a perspectiva técnica de Manuel Regueiro e González-Barros, presidente do Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos e xefe da área de Rochas e Minerais Industriais e da área de Relacións Externas e Transferencia do IGME; e a visión literaria de Macarena Regueiro de Mergelina, dramaturga e actriz.

O libro foi presentado no museo de Arte Contemporánea Costa da Morte en Corme (A Coruña) ante un auditorio de aproximadamente cen persoas. O acto contou coa participación de Lois García, alcalde de Ponteceso; Juan Ramón Vidal Romaní, catedrático da UDC; Diego López, director da COMG; e Pablo Núñez, delegado en Galicia do ICOG.

A xornada xirou ao redor da necesidade de dar visibilidade a unha ciencia que explica o noso pasado e que nos permite avanzar cara ao futuro mediante o control de riscos naturais, a procura de augas subterráneas, a exploración dos minerais e das súas aplicacións, a investigación de fontes de enerxía limpas, a investigación do impacto ambiental das explotacións mineiras ou o control do cambio climático.

ENFOCA.RME 2019

A COMG participou como xurado no concurso de fotografía ENFOCA.RME. A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo é a encargada de organizar ano tras ano esta competición cuxo foco é a minaría e a enerxía: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais ou explosivos.

Cartel do Congreso Internacional do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro.



XVIII CONGRESO INTERNACIONAL sobre Patrimonio Xeolóxico e Mineiro de SEDPGYM

O director da COMG acudiu ao 18º Congreso Internacional do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro organizado pola Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro (SEDPGYM). Como en cada edición, serve como punto de encontro para investigadores e interesados na minaría e o patrimonio xeolóxico e o seu potencial como instrumento de desenvolvemento territorial.

O congreso tivo lugar na sede da UNED en Ponferrada (León), un municipio cuxa paisaxe foi definida ao longo dos séculos por unha intensa actividade mineira, e desenvolveuse en forma de foro de discusión, intercambio de experiencias e coñecementos e traballos co obxectivo de deixar o campo académico para chegar á sociedade, converténdoo nun cómplice do futuro deste patrimonio, unha das pezas clave para ancorar o seu futuro e entender o desenvolvemento comunitario.



REDE IBÉRICA DE ESPAZOS XEOLÓXICOS

Dende 2019 a Cámara Oficial Mineira de Galicia é membro da Rede Ibérica de Espazos Xeolóxicos como coordinador da comunidade galega.

A Rede Ibérica de Espazos Xeolóxicos, promovida por SIGMADOT (Sociedade Internacional de Xeoloxía e Minaría para o Desenvolvemento e Xestión do Territorio), é unha organización que ten como

obxectivo establecer un tecido de coordinación aberto a todos os territorios da Península Ibérica que loiten pola conservación do patrimonio xeolóxico e mineiro e o seu uso social.

O COMG uniuse a esta rede para continuar a desenvolver unha das súas principais funcións: a posta en valor do patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia.

A COMG FORMA PARTE DOS SEGUINTE GRUPOS E ENTIDADES:

- ✔ A Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- ✔ Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito.
- ✔ O Consello Galego de Economía e Competitividade da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- ✔ A Comisión de Apoio Técnico-Científico do Museo Minas de San Finx.
- ✔ O Comité Científico e o Comité Económico e Social de Montañas do Courel.
- ✔ A Rede Europea de Minas e Canteiras Sostibiles.
- ✔ A Plataforma Tecnolóxica Española de Tecnoloxías Ambientais (PLANETA).
- ✔ A Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro.
- ✔ The International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH).
- ✔ A Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente (ENVITE).
- ✔ A Asociación para o Progreso da Dirección.
- ✔ Unidade de Recursos Xeolóxicos de Galicia (asociada do IGME)
- ✔ Comité UNE/CTN22. A COMG é membro do comité de UNE sobre minaría e explosivos, incluído o Subcomité Técnico de Normalización SC3 “Gestión minera sostenible”.

Termas romanas no Balneario de Lugo.



DEFENSA DO SECTOR

Dentro das funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), que están recollidas nos artigos 5 e 6 do seu Regulamento de Réxime Interior, está a de “propoñer reformas lexislativas que contribúan ao fomento da minaría”. Para iso, unha das principais actividades da xunta directiva, dos comités de traballo e do equipo técnico durante 2019 foi a defensa dos intereses da minaría diante dos distintos reguladores. A COMG mantén un contacto continuo e estreito coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que como Administración mineira é o seu órgano tutelar. Así mesmo mantén un seguimento constante das actividades doutras administracións que poden afectar á actividade, como a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; así como coas administracións locais.

MONITORIZACIÓN DA actividade lexislativa

Os poderes públicos xeran ao longo do ano un elevado volume de decretos, regulamentos e leis que afectan á actividade extractiva. Para realizar un seguimento da actividade dos reguladores, a COMG destina importantes recursos técnicos e humanos. O equipo técnico da COMG destinou durante 2019 máis de 200 horas de traballo a recolectar información dos distintos soportes de comunicación pública, como o Diario Oficial da Unión Europea, o Boletín Oficial do Estado (BOE), o Diario Oficial de Galicia (DOG), así como os Boletíns Provinciais (BOP) das catro provincias. Tras este meticuloso labor de monitorización da actividade lexislativa, a COMG procede a tomar as medidas necesarias para a defensa dos intereses do sector. Infórmase ao Comité de Normas, para que analice os textos legais e emita recomendacións á xunta directiva.



Canteira de áridos.

LEI DE APROVEITAMENTO de usos lúdicos de augas termais

En 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas iniciou o trámite de redacción dunha nova norma para as augas minerais: o borrador da Lei de Regulación do Aproveitamento Lúdico das Augas Termais de Galicia.

O equipo técnico da COMG traballou conxuntamente coa Asociación Galega da Propiedade Balnearia, na súa condición de membro, pola defensa e protección das augas minerais e os dereitos de aproveitamento existentes o respecto dos perímetros de protección aprobados.

Este 2019, a norma levouse a trámite parlamentario. Realizáronse alegacións por escrito e durante o mes de setembro. A COMG reuniuse xunto coa Asociación Galega da Propiedade Balnearia cos diferentes grupos parlamentarios de Galicia co fin de tratar aspectos relativos á lei. Finalmente a lei entrou en vigor en febreiro de 2020. Esta nova normativa permitirá:

▀ **REGULAR** dunha maneira integral o aproveitamento para uso lúdico das augas termais que abrollen en Galicia.

▀ **GARANTIR A SALUBRIDADE**, a seguridade e un aproveitamento lúdico ordenado e sustentable das augas termais, para os efectos de evitar un uso incorrecto ou irracional do recurso e a conseguinte degradación da súa calidade.

▀ **VALORIZAR A CONDICIÓE DAS AUGAS TERMAIS** como recurso natural, patrimonial, cultural, industrial, turístico e lúdico, así como promover o desenvolvemento económico e social dos municipios onde tales augas abrollan.

INSTRUMENTOS DE Ordenación do Territorio

O equipo técnico da COMG ten un programa de seguimento das normas de ordenación territorial que se van poñendo en fase de información pública, co obxecto de informar aos socios que, avaliar o posible impacto que as novas propostas poden ter, e presentar alegacións se fose oportuno.

En setembro a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo abriu un prazo para o envío de suxestións ao proxecto de modificación do Decreto 143/2016, para a aprobación do regulamento que desenvolve a Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia. A COMG enviou unha serie de suxerencias co obxectivo de garantir os dereitos dos titulares de actividades mineiras.

Unha das mensaxes que a COMG trata de transmitir é que contrariamente á Lei 3/2008, de ordenación da Minaría de Galicia e ao Decreto 37/2014, polo que se aproba o Plan director da Rede Natura 2000

de Galicia, os Cambiar por: Plans Reitores de Uso e Xestión están a establecer a prohibición xenérica de actividades extractivas por consideralas incompatibles coa protección do medio. Ademais de denunciar esta circunstancia, a COMG fai referencia á postura da Comisión Europea, reflectida no documento orientativo de actividades extractivas non enerxéticas e Rede Natura 2000, onde se procura a compatibilización de ambas actividades.

Ademais, despois de efectuar consultas con socios de COMG concernidos por cada un dos planes, durante 2019 presentáronse alegacións a:

▀ O PLAN RECTOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA.

▀ O PLAN DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL SOUTO DA RETORTA.

ITC. MIE. S.M. 02.0.01 – Persoa responsable e dirección facultativa

En xuño de 2018 a Cámara Oficial Mineira de Galicia participou na elaboración do borrador da ITC. MIE. S.M. 02.0.01 ‘Persoa responsable e dirección facultativa’ por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Este ano, a COMG remitiu unha serie de alegacións nas que manifestou a necesidade de que sexa o Director Facultativo o que faga a declaración responsable e non o empresario, e tamén solicitou a necesidade de especificar as funcións do equipo facultativo.



PROTECCIÓN DA PAISAXE de Galicia

En 2019 o goberno autonómico abriu o prazo para formular suxestións ao Proxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. O equipo técnico da Cámara emitiu unha serie de propostas baseadas na necesidade de ter en conta todas as relacións funcionais de todos os elementos estratéxicos do territorio que contribúen a unha gobernanza máis participativa.

A postura da COMG, como representante do sector mineiro en Galicia é que o recurso mineiro é un ben de dominio público cuxa explotación non se debe prohibir de xeito xenérico e aposta, unha vez máis, pola ponderación caso a caso a prol da compatibilización dos intereses mineiros e ambientais. En Galicia hai numerosos exemplos de antigas minas restauradas con éxito o o 23% das 211 Áreas de Especial Interese Paisaxístico do Catálogo da Paisaxe de Galicia inclúen dereitos mineiros de explotación ou aproveitamentos outorgados.



ESTRATEGIA GALEGA de cambio climático e enerxía 2050

A Estrategia galega de cambio climático e enerxía é a resposta que Galicia quere implementar ante o problema global do cambio climático. A Xunta, a través desta Estrategia, quere que Galicia sexa un referente no proceso de cambio do modelo de consumo e uso dos recursos naturais convertendo a nosa comunidade nun territorio de baixas emisións.

O CN da COMG leva un seguimento das actuacións da Xunta nesta estratexia. Este ano, o equipo técnico da COMG emitiu un informe para que dito comité enviase os seus comentarios e observacións sobre o Borrador da Estrategia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 que se atopaba en proceso de información pública.

ESTRATEGIA DE Infraestrutura Verde


En 2019, o Ministerio de Transición Ecolóxica presentou publicamente o Proxecto de Estrategia Estatal de Infraestruturas Verdes e Conectividade e Restauracións Ecolóxicas. Neste documento valorábanse os servizos do ecosistema como un xeito de implementar os obxectivos globais da restauración ecolóxica.

Aínda que este enfoque é compartido, nas súas alegacións, a COMG puxo de manifesto que a subministración de materia prima mineira debería especificarse como algo estratéxico e primario e que as infraestruturas verdes xeradas por espazos mineiros son fundamentais para o futuro dos ecosistemas segundo a Comisión Europea.


ASISTENCIA TÉCNICA

A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) CUMPRE UNHA FUNCIÓN BÁSICA NO SECTOR DA MINARÍA EN GALICIA ACHEGANDO INFORMACIÓN ÚTIL E ACTUALIZADA SOBRE TODOS OS ASPECTOS LEGAIS, ADMINISTRATIVOS E TÉCNICOS QUE RODEAN Á MINARÍA. A COMG ATENDE CONSULTAS FORMULADAS TANTO POLOS SEUS SOCIOS, COMO POLA ADMINISTRACIÓN, EMPRESAS MINEIRAS, ENTIDADES RELACIONADAS COA MINARÍA, PARTICULARES CONCERNIDOS E MEDIOS DE COMUNICACIÓN.



CONSULTAS TÉCNICAS QUE SE ATENDERON EN 2019:



DOCUMENTOS EMITIDOS:



INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN REVISADOS:





MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN do Catastro Mineiro

A web do Catastro Mineiro de Galicia é unha aplicación web desenvolvida pola Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia na que se describe a situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros existentes, en base a tipo de dereito, titular, localización, extensión, demarcación, prazo de vixencia e estado de tramitación.

É unha ferramenta de apoio á planificación mineira e ordenación do territorio, que ten por obxecto favorecer o aproveitamento ordenado e eficiente dos recursos minerais, así como facilitar a harmonización e compatibilización da minaría con outros usos do solo, garantindo o desenvolvemento sostible do sector. Para o seu mantemento técnico, a COMG destina máis de 1.000 horas do seu persoal para a actualización constante da súa base de datos.

IMPLANTACIÓN DAS NORMAS UNE de Xestión Mineira Sostible

CERTIFICACIÓN AENOR DAS NORMAS UNE SOBRE MINARÍA SOSTIBLE

AENOR publicou en maio deste ano a última versión das normas UNE de minaría sostible, en cuxa elaboración participou a Cámara Oficial Mineira de Galicia como integrante do Subcomité Técnico de Normalización SC3 “Gestión minera sostenible. Este subcomité levaba traballando desde 2013 no desenvolvemento e revisión destas normas que responden aos tres principios básicos da xestión (eficacia económico-financieira, xestión ambiental e xestión ético-social).

PROXECTO PILOTO CUNHA EMPRESA GALEGA

A COMG chegou a un acordo con Pedra Enxeñería S.L. para a implantación das UNE 22480 e 22470 de xestión mineira sostible nunha explotación mineira galega.

Ao longo de 2019 a COMG e Pedra Enxeñería implantaron as normas en Caolines de Vimianzo (CAVISA) e acompañárona no proceso de certificación. Convertendo a Caolines de Vimianzo na primeira empresa galega en certificarse nas UNE de xestión mineira sostible e na primeira de España na implantación da nova versión das UNE publicada en maio deste ano.

Juan José López, Juan de Dios Martín e Ángel Bernardo Tahoces na xornada de entrega.



CAOLINES DE VIMIANZO, 1ª empresa española en obter a certificación de Xestión Mineira Sostible

O 26 de novembro celebrouse unha xornada de difusión e portas abertas nas instalacións de Caolines de Vimianzo para dar a coñecer que se trata da primeira empresa en España que recibe estas certificacións. Para destacar este feito, Caolines de Vimianzo e a COMG convocaron unha xornada de información para emprendedores e profesionais do sector.

■ **UNE 22480:** 2019 Sistema de xestión sostible de minas.

■ **UNE 22470:** 2019 Sistema de xestión mineiro-metalúrxico sostible.

Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas foi o encargado da entrega das certificacións, que salientou o papel desta empresa da Costa da Morte como claro exemplo do esforzo realizado en Galicia pola minaría moderna e integrada no territorio.

XORNADA SOBRE Sistemas de Xestión de Minaría Sostible

A Fundación Centro Tecnolóxico do Granito acolleu unha conferencia técnica sobre sistemas de xestión de minas sostibles no Porriño, que xirou ao redor do sistema de xestión mineiro-metalúrxico sostible e os puntos principais da guía que se está a elaborar.

A COMG xunto con Pedra Ingeniería, S.L. interviñeron explicando a realización do estudo piloto que levaron a cabo para a implementación da norma establecendo que indicadores dos que a norma establece se podían aplicar ás empresas interesadas.

PLAN DE XESTIÓN de residuos industriais de Galicia

A COMG participou nas xornadas organizadas pola Consellería de Medio Ambiente en Porriño sobre residuos de industrias mineiras e na presentación do PRIGA en Santiago.

O obxectivo do PRIGA para 2020 de elevar a porcentaxe de utilización dos residuos industriais mineiros en remediacións ambientais ao 98%, está practicamente conseguido, situándose en 2017 no 97,4%.

ASISTENCIA AO XURADO DE expropiación de dereitos mineiros

En 2019, a petición do Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) da Xunta de Galicia, a Cámara Mineira colaborou con el aportando os seus coñecementos en materia de dereitos mineiros.

MEDIO AMBIENTE

e integración do territorio

REUNIÓN COA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA para analizar vías de colaboración

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Juan de Dios Martín, e o seu director, Diego López, reuníronse a principios de 2019 coa conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, para establecer lazos de colaboración en cuestións ambientais e de ordenación o territorio.

A COMG, como representante do sector mineiro galego, trasladou á conselleira os principais obxectivos e proxectos da entidade, así como algunhas das liñas de actuación nas que están a

centrar os seus esforzos en materia ambiental co obxectivo de minimizar o impacto da actividade mineira na contorna.

Este encontro continúa a senda de colaboración iniciado en 2017 entre a COMG e a Consellería de Medio mediante, coa a firma dun convenio para a redacción dunha Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, unha ferramenta que axudará a integrar na paisaxe este tipo de actividades mineiras seguindo criterios de calidade.



Diego López, Ángeles Vázquez e Juan de Dios Martín.



LOCALIZACIÓN DE ANTIGOS LABORES MINEIROS na Barquiña

En 2019 a Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello de Noia, o Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos e a Cámara Oficial Mineira de Galicia asinan un convenio de colaboración interadministrativo para a análise do risco de subsidencia nos labores mineiros da antiga explotación da mina Carmen na Barquiña en Noia (A Coruña) e a posible afección sobre a estabilidade das vivendas e infraestruturas no barrio da Barquiña posteriores ao peche da mina.

Para iso, establécense dúas actuacións: identificar e localizar os antigos labores mineiros da explotación e por outra parte, analizar a estabilidade dos labores mineiros localizados e determinar o posible risco.

Para a primeira fase consultáronse diversos arquivos, tanto públicos como privados. Ademais da información documental, mantivéronse reunións cos veciños do barrio, a obxecto de recompilar

Reunión cos veciños da Barquiña.



testemuños, que confirmaron a existencia de labores mineiros irregulares. Despois deseñouse unha campaña de investigación mediante un xeoradar que alcanza cotas de recoñecemento entre 2 e 200 m.

Como conclusión aportáanse unha serie de actuacións recomendadas para certas zonas entre as que se inclúen medidas de control de seguimento para as vivendas actuais, medidas correctoras para o control da erosión pola auga que poida afectar ás vivendas actuais, e tamén medidas preventivas para novas vivendas e a proposta de incorporación ao plan urbanístico do Concello de Noia de certas zonas como terreos T3 de acordo ao Documento Básico SE-C Seguridade estrutural e cimentos do actual CTEP.



XEOPARQUE Montañas do Courel

Os concellos lucenses de Ribas de Sil, Quiroga e Folgoso do Courel promoveron a candidatura Montañas do Courel para ser declarada Xeoparque Mundial da Unesco.

En abril de 2019 a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco) outorgoulle o recoñecemento a Montañas do Courel, polo que o conxunto xeolóxico do sur de Lugo

pasou a formar parte desta prestixiosa rede internacional que conta ata o momento con 140 xeoparques repartidos en 38 países.

Durante o proceso, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e o Colexio de Xeólogo de Galicia apoiados intensamente o proxecto formando parte do comité científico da candidatura.

PATRIMONIO

PROXECTO RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR do Patrimonio Mineiro Galego

Como referencia para a recuperación e posta en valor do patrimonio mineiro galego, a COMG elaborou dúas propostas de actuacións en antigas instalacións mineiras, para a súa futura musealización.

Elixíronse 2 antigas explotacións polo estado de conservación das antigas instalacións mineiras, a súa importancia socio cultural, e o interese mostrado polo Concello ou o titular das instalacións na súa rehabilitación:

PROXECTO CONSTRUTIVO PARA A FUTURA MUSEALIZACIÓN DA ZONA DE 'OS CASTIÑEIROS' DA MINA DE SAN FINX (LOUSAME, A CORUÑA)

A mina de San Finx aproveita un xacemento de estaño e volframio dende o século XIX. Na actualidade, a Mina de San Finx é un dos museos mineiros máis destacables de Galicia. Diversas actuacións se levaron a cabo nos últimos anos encamiñadas a recuperar a súa riqueza patrimonial, co obxectivo de recrear as instalacións e o funcionamento da mina nos tempos de maior actividade. Nas zonas visitables de San Finx, recuperadas e postas en valor na década de 2000, pódense apreciar instalacións de labores, equipamento, fornos e construcións.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia impulsou e apoiou as diversas fases do proxecto de musealización desde os seus inicios. En 2019, renovando o seu compromiso co patrimonio mineiro de Galicia, presentouse unha iniciativa para incorporar ao museo un novo punto. Trátase da casa Castiñeiros e da bocamina adxacente.

Tras varias análises de campo de expertos, o proxecto foi presentado ao Concello de Lousame (A Coruña) e á concesionaria da explotación mineira activa, Valoriza Minería, en verán de 2019. A proposta é abrir ás visitas unha pequena parte da bocamina e recuperar o edificio do vestiario como centro de interpretación.



Contorna da mina de San Finx.

PROXECTO DE MUSEALIZACIÓN DA MINA DE 'AS SOMBRAS' (LOBIOS, OURENSE)

A mina das Sombras que explotou volframio no século XX está situada na Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gêres-Xurés, no espazo protexido da Rede Natura 2000 e no parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

A COMG está impulsando a musealización desta mina. Para iso, durante 2019 mantivo diversas reunións cos comuneiros de Lobios (Ourense), propietarios dos terreos onde se localizan as instalacións mineiras, así como con representantes do concello.

A pesar de que a iniciativa está en fase inicial, a COMG achegou un proxecto para a adecuación dos edificios que se manteñen en pé. Aínda que o estado xeral é ruinoso, manteñen maquinaria orixinal de separación de mineral e a estrutura.

O proxecto da COMG propón actuacións na antiga planta, o edificio de transformadores, a planta moderna, o cuartel e dependencias auxiliares.



Os propietarios e o concello de Lobios recibiron de bo grado o proxecto e iniciaron os traballos para conseguir o financiamento necesario para levala a cabo, ben con iniciativas privadas.


Acto de inauguración do Museo das minas da Silvarosa.



INAUGURACIÓN DO MUSEO DAS MINAS DA SILVAROSA (VIVEIRO, LUGO)

A COMG participou na inauguración do museo das minas de ferro da Silvarosa (Viveiro, Lugo), nun acto ao que asistiron preto dun centenar de persoas das comarcas da Mariña e Ortegal.

Situado nas instalacións da antiga escola indiana de Vieiro, a escasos quilómetros do xacemento que se converteu nun símbolo do desenvolvemento industrial da Galicia de finais do XIX e pasou por distintas fases ata o seu peche definitivo en 1966, o museo conta por agora con medio centenar de fotografías históricas e varios vídeos que explican e recrean as épocas nas que a mina alcanzou a súa máxima prosperidade.



ASESORAMENTO a Concellos con Patrimonio Mineiro

A petición dos Concellos do Incio (Lugo), Santa Comba (A Coruña) e Beariz (Ourense) mantivéronse reunións co alcalde e tenente de alcalde respectivamente, ao obxecto de promover o patrimonio mineiro dos concellos.

Acordouse en ambos casos, como primeira actuación, o deseño e organización de rutas de sendeirismo.

PUBLICACIÓN DO LIBRO 'Patrimonio mineiro de Galicia' e das 'Rutas xeomineiras de Galicia'

La Voz de Galicia publicou en 2019 as “Rutas Xeo-
mineiras de Galicia”, catro despregables (un por
cada provincia galega) con tres roteiros de sen-
deirismo que percorren puntos que reflicten o
pasado mineiro de Galicia, así como as súas pecu-
liaridades xeolóxicas. Os xeólogos José Francisco
Canosa e Eduardo González Clavijo foron os en-
cargados de idear estes roteiros.

O libro “Patrimonio mineiro de Galicia” foi publi-
cado tamén por La Voz de Galicia. A obra recolle
30 puntos de grande interese, entre os que se ato-
pan antigas explotacións, museos xeomineiros e
roteiros que percorren as instalacións en desuso
de catro poboacións mineiras.



Exemplares do libro 'Patrimonio Mineiro de Galicia'.

Tras a grande acollida da obra, lanzouse unha se-
gunda impresión do libro co obxecto de cubrir a
demanda, que superou as mellores expectativas.

Tanto os 30 puntos e 4 rutas incluídos no libro ‘Pa-
trimonio mineiro de Galicia’ como as 12 rutas xeo-
mineiras de Galicia están a disposición do público
a través da web patrimonio.camaraminera.org.

ACORDO CON TURISMO DE GALICIA

Durante este ano mantivéronse dúas reunións con TURGALICIA ao obxecto de promocionar
a web de patrimonio mineiro na páxina **WWW.TURISMO.GAL/INICIO**. A partires destas re-
unións, TURGALICIA estableceu unha serie de requerimentos que están sendo implantadas.



SEGURIDADE E SAÚDE

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DE LESIÓNS músculo esqueléticas no sector mineiro

En base aos distintos estudos elaborados pola COMG nos últimos anos, os trastornos músculo esqueléticos asociados á carga física nos distintos postos de traballo constitúen a principal causa de sinistralidade no sector mineiro galego. Por este motivo puxéronse en marcha accións preventivas no ámbito da ergonomía e do comportamento para minimizar a súa incidencia.

No ano 2018, a COMG elaborou 6 guías de boas prácticas ergonómicas, unha por cada un dos principais subsectores mineiros galegos (Áridos, Balnearios, Rocha Ornamental Granito, Rocha Ornamental Lousa, Cerámica e minaría de interior). Como continuación daquela actividade, en 2019 realizouse unha campaña de prevención en

5 explotacións tipo, que culminaron na elaboración de 5 vídeos, un por subsector, que permitiron a súa difusión ao conxunto do sector.

En cada unha das explotacións tipo levouse a cabo unha análise das actividades realizadas en cada posto de traballo, así como enquisas aos traballadores, co obxectivo de proporcionar un medio para facilitar a avaliación das condicións de cada posto.

Tras a análise das enquisas e coa colaboración dos traballadores graváronse exemplos de boas e malas prácticas ergonómicas por posto de traballo para a elaboración dos vídeos.

PREVENCIÓN DA SILICOSE

GUÍA PARA A APLICACIÓN DAS DIRECTIVA (UE) 2017/2398 E 2019/130 POLAS QUE SE MODIFICA A DIRECTIVA 2004/37/CE

A prolongada exposición á sílice cristalina respirable é causa da silicose, a enfermidade profesional con maior incidencia no sector mineiro galego. Dende hai anos a COMG ven desenvolvemento unha análise da evolución tanto dos casos de silicose como dos niveis de exposición dos traballadores.

A publicación das Directivas Europeas 2017/2398, de 12 de decembro, e a 2019/130, de 16 de xaneiro, supuxo a modificación da Directiva 2004/37/CE relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinógenos ou mutáxenos durante o traballo, incluíndo a sílice cristalina respirable. Ambas directivas deben trasladarse á lexislación nacional 2 anos despois da súa publicación, en xaneiro de 2020 e febreiro de 2021 respectivamente.

A consideración da sílice cristalina respirable froito do traballo como axente carcinógeno ou mutágeno, supón unha profunda modificación das medidas de prevención a adoptar, tanto nas instalacións como no xeito de traballar nos distintos postos.

Por tales motivos desenvolveuse un guía para a adaptación e aplicación das directivas europeas 2017/2398 e 2019/130 no sector mineiro galego.

XORNADA DE PREVENCIÓN DA EXPOSICIÓN Á SÍLICE CRISTALINA RESPIRABLE

A COMG organizou ademais a ‘Xornada de prevención da exposición á sílice cristalina respirable (SRC)’. Un encontro ao que asistiron empresarios do sector extractivo galego, así como enxeñeiros técnicos e persoal da administración; e cuxo eixe central foi a necesidade de implantar medidas de seguridade para protexer aos traballadores fronte á inhalación de sílice cristalina en po no seu posto de traballo.

A xornada desenvolveuse a través de relatorios nos que o foco foi a presentación de casos de éxito en medidas de prevención de riscos e recomendacións aplicables a empresas do sector.



FORMACIÓN

A COMG fomenta o ensino da minaría e a cualificación dos profesionais do sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais. O obxectivo é garantir unha constante actualización dos coñecementos precisos -especialmente no ámbito da prevención- para que os traballadores do sector exerzan os seus labores con seguridade e eficiencia, adaptándose ás técnicas máis modernas que ofrece a Industria 4.0.

A COMG mantén unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo.

CICLO DE FORMACIÓN PROFESIONAL en escavacións e sondaxes

Galicia carece de centros de Formación Profesional en industrias extractivas, por iso co obxectivo de ampliar a oferta formativa relacionada co sector, a COMG reuniuse en 2019 e varias ocasións coa Subdirección Xeral de Formación Profesional e co concello de As Pontes co fin de implantar o ciclo de Formación Profesional en Escavacións e Sondaxes.

Alumnos nun programa de formación.



CURSOS DE FORMACIÓN PREVENTIVA SEMESTRE DE 2019

231 alumnos beneficiáronse dos cursos de formación preventiva para traballadores do sector mineiro impulsados pola COMG.

Algunhas destas formacións son obrigatorias e habilitantes, enmarcadas dentro da ITC 02.1.02 do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira. Mentres que outras formacións de PRL (Prevención de Riscos Laborais) son voluntarias e están relacionadas con riscos de seguridade, hixiénicos e ergonómicos.

Todos os cursos teñen carácter gratuíto, xa que están subvencionados polas axudas á seguridade mineira co apoio da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas (Ministerio para a Transición Ecolóxica).

Durante este primeiro semestre do ano, foron un total de 231 persoas as que recibiron algún destes cursos, con 143 alumnos nas formacións obrigatorias:

- Formación preventiva para operadores de maquinaria de transporte.
- Formación preventiva para operadores de maquinaria de arranque.

Formación preventiva para operadores de plantas e oficinas.

Formación preventiva para operadores de perforación, corte e voladura.

Reciclaxe da formación preventiva para Operadores de maquinaria de arranque.

E 88 alumnos nas formacións opcionais:

- Condições do terreo e o seu control.
- Simulacros de evacuación en caso de emerxencia.
- Primeiros auxilios.
- Traballos eléctricos.

A COMG leva organizando este tipo de cursos desde 2009, sumando desde entón un total de 1.885 participantes en 92 cursos ITC e 349 participantes nos 25 de PRL.

CURSOS DE SEGURIDADE baseados no comportamento

Como a ergonomía, os aspectos psicosociais son un dos elementos da prevención de riscos laborais menos estudados e desenvolvidos no sector. Factores como o estrés poden derivar en comportamentos de risco e ocasionar accidentes laborais. Os cursos baseados no comportamento pretenden dar solución ao problema da análise dos erros humanos nas organizacións, divulgando diferentes modelos de análise e orientando os factores clave para facilitar a xestión do erro por parte do traballador.

Para a realización dos cursos, dos que se impartiron un por provincia, contouse tanto con expertos

na materia como con técnicos superiores en prevención de riscos laborais.

Dado o aspecto transversal da materia deseñáronse cursos de 7 horas de duración, 3 teóricas e 4 prácticas, destinados tanto a empresarios como técnicos de prevención e traballadores.

Ademais de presentacións audiovisuais, realizáronse prácticas baseadas en técnicas de xogo de rol. Limitouse o número de participantes a un máximo de 16 alumnos para garantir unha adecuada formación.

FORMACIÓN UNIVERSITARIA

A COMG participa de forma estreita na vida universitaria galega, en especial con dúas institucións, o Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, adscrito á Universidade da Coruña, e a Universidade de Vigo, en especial coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A COMG participa cada ano no Foro Tecnolóxico de Emprego, unha iniciativa creada polas delegacións de alumnos das Escolas de Enxeñaría de Telecomunicación, Industriais e Minas da Universidade de Vigo, para traballar nun proxecto para facilitar o achegamento laboral das empresas aos futuros titulados de enxeñaría.



Acto de Graduación da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.



SERVIZO DE INFORMACIÓN PARA MEMBROS

22 BOLETÍNS

O Boletín da COMG, de periodicidade quincenal, é unha compilación da información relacionada coa actividade ordinaria, a actualidade do sector e das empresas galegas.

362 DOSSIERES DE PRENSA

A COMG envía diariamente un resumo das noticias relacionadas co sector publicadas nos medios de Galicia e do Estado.

33 CIRCULARES INFORMATIVAS

De xeito puntual, emítese circulares dirixidas aos membros sobre a normativa, eventos ou accións que pola súa relevancia deben ser recibidas de xeito urgente.

45 DOSSIERES NORMATIVOS

Son recompilacións semanais de todas as normas publicadas que teñen afección coa minaría a nivel europeo, nacional, galego e provincial.

COMUNICACIÓN





SANTA BÁRBARA 2019

O 29 de novembro tiveron lugar en Santiago de Compostela os premios Santa Bárbara, nun día que reuniu á comunidade mineira galega con motivo da celebración das festas patronais.

Case un centenar de asistentes participaron na décimo terceira edición dos galardóns, incluíndo representantes da Administración autonómica, organismos oficiais e empresas mineiras.

Diego López, director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, foi o responsable de realizar a entrega de premios na que Caolines de Vimianzo gañou o premio Comunicación polo seu traballo na divulgación das prácticas do sector.

O premio Traxectoria recaeu sobre José Luis López e Pedro Rodríguez, que estiveron á fronte da mina de

Magnesitas de Rubián (Lugo) durante 32 anos e foron os responsables do proxecto da mina de galería.

O acto foi pechado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, que destacou a importancia do sector: “A minaría forma parte da nosa historia, da nosa contorna e da nosa economía e, polo tanto, vertebra a nosa sociedade”.



RENOVACIÓN DA WEB DA COMG

En 2019 publicouse unha nova web da Cámara Mineira de Galicia, unha ferramenta que serve tanto de canle de comunicación para os profesionais do sector extractivo como de ventá para a sociedade xeral.

Esta nova versión, cunha aparencia máis moderna, é máis intuitiva, onde os usuarios poden atopar rapidamente a información que precisan; e ademais é adaptable para dispositivos móbiles, para que sexa doado consultala dende calquera lugar e dispositivo.

No blog da nova páxina web xeráanse contidos de forma constante en galego e en castelán. En 2019 publicáronse un total de 84 posts con noticias de interese paa os membros.



LANZAMENTO DAS REDES DA COMG

Desde este ano, a COMG tamén conta con perfís en redes sociais (LinkedIn, Twitter e Facebook), concibidos como espazos de interacción coa comunidade mineira e con todas aquelas persoas relacionadas de forma indirecta co sector.

Desde xuño ata finais de ano, os diferentes perfís xeraron un grande alcance:



FACEBOOK
5.632



TWITTER
37.949



LINKEDIN
7.831









Cámara Oficial
Mineira de Galicia

Co apoio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
EMPREGO E INDUSTRIA